

**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DESTE CONCELLO,
A TODOS OS VECIÑOS DO TÉRMINO MUNICIPAL**

INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitudes para o PROGRAMA DE BENESTAR A TRAVES DA TALASOTERAPIA 2019, convocado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

BALNEARIOS (201 €, estadías de 6 días/5 noites _ de domingo a venres, acceso diario ao circuito mariño, aloxamento e pensión completa):

- Thalasso Cantábrico **** _ Viveiro (Lugo)
- Hotel Talaxo Louxo **** _ Illa da Toxa (Pontevedra)

BENEFICIARIOS, requisitos:

- a. Ser maior de 60 anos, ou de 55 reunindo a condición de pensionista do Sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvezou outras pensións.
- b. Estar empadroadado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
- d. Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

Poderán ser ACOMPAÑANTES: 1) Os cónxuxes/parella de feito ou con relación análoga á conxugal, que cumpran os requisitos anteriores, excepto o sinalado na letra a). 2) Fillo/a con discapacidade do 33% ou máis que non necesite axuda de 3ª persoa e comparta cuarto con proxenitores. 3) Persoa coa desexe acudir o solicitante, sempre que cumpra todos os requisitos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ATA O 2 DE MAIO DESTE ANO 2019.

Para máis información dirixirse aos **Servizos Sociais Comunitarios:**

Telfs.: **Sede OZA _ 981792000 e Sede CESURAS _ 981790001; ext. 2 en ámbolos dous teléfonos.**

Asdo: O ALCALDE